

O CARTAFOL DO VENTO¹

O vento perdeu as follas
do seu cartafol

—¿Esas que os chuvascos
mecanógrafos
tecolean no manual dos mastros?

As gavotas non teñen quitasol
pero fan raudos equilibrios
polo aramio transparente
de tódalas ortodrómicas² do ceo

1. Este poema foi comentado con moito vagar por X. R. Pena (en *Comentario de textos literarios*, coord. de A. Gil Hernández, Alhena, Madrid, 1986, pp. 131-140) e logo por Luz Pozo Garza (en *Literatura galega do século XX. Comentario de textos para C.O.U.*, Galaxia, Vigo, 1992, pp. 41-53).

2. *ortodrómicas*: relativas á ortodromia, que é a liña máis curta entre dous puntos trazada sobre unha superficie esférica (o globo terrestre neste caso), e que por extensión se aplica á rota que segue a devandita liña.

O paillebote sin velas
—¿Serán esas que o vento
levou no seu cartafol?

tamén fai equilibrios no ronsel

Ca boca aberta
—caille a baba—
está mirándonos o babión³ do Sol.

3. *babión*: babeco, parvo.